

ORDENANZAS FISCAIS ANO 2009

TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

ART. 1 - FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos arts. 133.2 e 142 da CE e 106 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, este Concello establece a taxa pola expedición de documentos administrativos, a que se refire o art. 20.4 a) da Lei 39/1988 de 28 de decembro reguladora das Facendas Locais, modificada pola Lei 25/98 de 13 de xullo de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuíñas normas atenden ó previsto no art 58 da devandita lei 39/1988.

ART. 2 - FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida para a tramitación a instancia de parte de toda clase de documentos que expida e expedientes que tramiten os servizos municipais.
2. Para estes efectos entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou beneficie aínda que este non o solicitara.

ART. 3 - SUXEITO PASIVO

E suxeito pasivo contribuínte a persoa física e xurídica e as entidades a que se refire o art 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou en favor dos que se faga a expedición do documento ou a tramitación do expediente.

ART. 4 - RESPONSABLES

Responderán solidariamente da obriga tributaria do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o art. 38.1 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos interventores ou liquidadores de quebras, concursos sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da Lei Xeral Tributaria.

ART. 5 - BASE IMPOÑIBLE

Constituirá a Base imponible da presente exacción a natureza dos expedientes a tramitar e documentos a expedir

ART. 6 - COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar de acordo coas tarifas seguintes:

1. certificados e informes urbanísticos en xeral = 10 €
2. informes de antigüidade de vivendas = 30 €
3. para as copias de planos existentes nas oficinas, cartografía ou planeamento
 - fotocopias en A4 en blanco e negro = 0,10 €
 - fotocopias en A3 en blanco e negro = 0,20 €
4. pola tramitación de solicitudes para participar nos procesos de selección de persoal
 - grupos A e B = 12 €
 - grupos C, D, E = 6 €
 - laborais = 6 €
5. para as copias dos expedientes administrativos para os interesados no procedemento obxecto do expediente = 6 €
6. copias informatizadas da documentación urbanística = 60 €
7. pola expedición da autorización de enganche na rede de abastecemento de auga = 60 €

ART. 7 - OBRIGA DE CONTRIBUIR

A taxa devengarase e nace a obriga de contribuir ó entregar a solicitude de expedición dos documentos e tramitación dos expedientes suxeitos ó tributo.

ART. 8 - NORMAS DE XESTIÓN

1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación mediante o ingreso do importe nas entidades bancaria correspondente.
2. Os escritos recibidos por correo segundo establece o art. 38.4 c) da Lei 30/92 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, que non veñan acompañados do importe da taxa, serán admitidos provisoriamente pero non poderán tramitarse sen a previa enmenda da deficiencia, para o que se requirirá ó interesado coa finalidade de que no prazo de dez días pague as cuotas correspondentes coa advertencia de que de non facelo así, archivarase sen máis trámite a solicitude.
3. As certificacións ou documentos que expida a Administración Municipal po oficio de Xulgados e Tribunais para toda clase de pleitos esixirán o pagamento da cuota tributaria correspondente.

ART. 9 - INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Para todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos arts 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data sete de novembro de dous mil. Comezará a aplicarse a partir de primeiro de xaneiro do dous mil un e rexerá ata a súa derogación ou modificación posterior.